# PRIMEIRO A VIDA!

K dan za



Compañía: Kirenia Danza
Autoría/Coreografía: Kirenia Martínez
Dirección: Kirenia Martínez Acosta
Escrita e asistencia coreográfica: Branca Novoneyra
Equipo artístico: Xoel Álvarez e Esther Latorre
Espazo lumínico: RTA
Espazo sonoro: Bruno e Babykatze
Vestiario: Jandro Villa
Deseño Gráfico: Niko Alvarellos
Produción: Uxío Novo
Asistencia de produción: Artestudio xestión Cultural
Distribución: Kirenia Danza e Artestudio xestión cultural

Os coidados están hoxe no centro, agora son visibles, mais sempre foron imprescindibles para manter a vida. Somos vulnerables, estamos sempre expostos e precisamos doutros corpos que nos apoien durante a nosa vida. O corpo fala da vulnerabilidade, escríbea con xestos e desprazamentos, en toda manifestación que sostén.

Precisamos dos coidados dos outros para mantermos con vida xuntos en comunidade.
Esta peza é un eloxio dos coidados, é dicir, tecemos o coidado en movemento e os corpos danzan unha antiga reivindicación que demanda *Primeiro a Vida* ou *Antes a Vida* ou *Elixir a Vida*, tres posibles traducións do verso de Andre Bretón transformado nun lema nos antigos muros durante o Maio Francés. Fronte a explotación, a precariedade e a morte que trouxo a pandemia, nós eliximos coidarnos e proclamamos:
*Primeiro a Vida!*

















K danza

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA

centro coreográfico galego